



Anexo XXIII. Documento de información para o/a paciente que solicita exercer o seu dereito á prestación de axuda para morrer

Lei Orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia (LORE)

Este documento contén toda a información necesaria co fin de que poida tomar unha decisión plena e informada sobre o seu dereito á prestación de axuda para morrer

É fundamental que vostede comprenda a totalidade da información sobre a prestación de axuda para morrer, para que poida PRESTAR A SÚA CONFORMIDADE LIBRE, VOLUNTARIA, CONSCIENTE E EN PLENO USO DAS SÚAS FACULTADES.

O/a médico/a responsable e o seu equipo asistencial estarán dispoñibles para resolver as súas dúbidas ou necesidades de información.

O consentimento informado deberao asinar unha vez que finalice o proceso deliberativo, que debe realizar conxuntamente co/a médico/a responsable.

A continuación, INFÓRMASELLE sobre diversos aspectos esenciais para o exercicio do seu dereito á prestación de axuda para morrer:

1. En que consiste o dereito á prestación de axuda para morrer?

Consiste en proporcionarlle o equipo asistencial e os medios necesarios para a efectiva realización da prestación de axuda para morrer, unha vez manifestado o seu desexo de morrer e con pleno sometemento ao procedemento e garantías establecidos pola lei. O/a médico/a responsable e o seu equipo asistencial acompañarano ao longo de todo o proceso.

O/a médico responsable será o seu interlocutor no transcurso de todo o proceso e será quen lle comunique a resolución da Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta Comisión verificará se cumpre cos requisitos legais para o exercicio deste dereito.

2. Cales son os requisitos para recibir a prestación de axuda para morrer?

Son os seguintes:

No caso dun **paciente considerado capaz** (segundo o protocolo de valoración do Ministerio de Sanidade):

- a) Ser maior de idade e ser capaz e consciente no momento da solicitude.
- b) Ter a nacionalidade española ou residencia legal en España ou certificado que acredite un tempo de permanencia en territorio español superior a doce meses.
- c) Sufrir unha enfermidade grave e incurable ou un padecemento grave, crónico e imposibilitante, certificada polo médico/médica responsable e por un médico/a consultor/a.





- d) Ter formulado dúas solicitudes de maneira voluntaria e por escrito, ou por outro medio que permita deixar constancia, e que non sexa o resultado de ningunha presión externa, deixando unha separación de, polo menos, 15 días naturais entre ambas. Se o/a médico/a responsable considera que a perda da capacidade da persoa solicitante para outorgar o consentimento informado é inminente, poderá aceptar calquera período menor que considere axeitado en función das circunstancias clínicas concorrentes, das que deberá deixar constancia na historia clínica.
- e) Dispoñer por escrito da información que exista sobre o seu proceso médico, as diferentes alternativas e posibilidades de actuación, incluída a de acceder a cuidados paliativos integrais comprendidos na carteira común de servizos e ás prestacións a que tivese dereito de conformidade coa normativa de atención á dependencia.
- f) Prestar consentimento informado previamente a recibir a prestación de axuda para morrer.

No caso dun **paciente considerado incapaz** (segundo o protocolo de valoración do Ministerio de Sanidade):

- a) Ser maior de idade.
- b) Ter a nacionalidade española ou residencia legal en España ou certificado que acredite tempo de permanencia en territorio español superior a doce meses.
- c) Sufrir unha enfermidade grave e incurable ou un padecemento grave, crónico e imposibilitante, certificada polo médico/médica responsable e por un médico/a consultor/a.
- d) Dispoñer dun documento de instrucións previas ou equivalente, no que conste unha solicitude de prestación de axuda para morrer.

3. Cales son as modalidades posibles da prestación de axuda para morrer?

As modalidades de prestación de axuda para morrer son dúas:

- a) a administración directa (vía intravenosa) ao/á paciente dunha substancia por parte do profesional sanitario competente, ou
- b) a autoadministración vía oral, por parte do/a propio/a paciente, dunha substancia que lle prescriba ou subministre o profesional sanitario, para causar a súa propia morte.

Vostede ten dereito a elixir entre estas dúas modalidades, despois de ser informado/a polo seu médico/a responsable das vantaxes e inconvenientes de cada unha delas e das contraindicacións da vía oral.



4. Que garantías existen para que vostede teña unha información sólida para unha adecuada, plena, libre e xenuína toma de decisión?

É necesario que vostede **DISPOÑA POR ESCRITO** da información que exista sobre:

- a) o seu proceso médico.
- b) as diferentes alternativas e posibilidades de actuación.
- c) o acceso a cuidados paliativos integrais comprendidos na carteira común de servizos.
- d) o acceso as prestacións ás que tivese dereito de conformidade coa normativa de atención á dependencia.

Unha vez presentada a súa solicitude, abrírase un proceso deliberativo entre vostede e o/a médico/a responsable.

5. Que é a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia de Galicia?

É un órgano administrativo de ámbito autonómico, adscrito á Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, que ten a competencia para o recoñecemento legal do dereito á prestación de axuda para morrer e para autorizar a realización da PAM. Leva a cabo un control da legalidade sobre o cumprimento dos requisitos e as condicións de todo o procedemento e, igualmente, é o órgano ante o que os/as pacientes poden presentar reclamacións contra as denegacións da súa solicitude.

6. Pode denegarse a solicitude do dereito á prestación de axuda para morrer?

Sí. O/a médico/a responsable pode denegar a solicitude da prestación de axuda para morrer, no **prazo máximo de 10 días naturais** desde a primeira solicitude, sempre por escrito e indicando os motivos.

O/a médico/a consultor/a tamén pode emitir un informe desfavorable sobre a súa solicitude. As conclusións deste informe seranlle comunicadas nun **prazo máximo de 24 horas**, desde a súa finalización. O/a paciente solicitante pode presentar unha reclamación, no **prazo máximo de 15 días naturais**, ante a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Existe un modelo de reclamación (Anexo XV. Reclamación contra a denegación da prestación de axuda para morrer), dispoñible na páxina web do Sergas, para facilitarlle a súa redacción.

A Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia de Comunidade Autónoma de Galicia tamén poderá emitir unha resolución desfavorable se verifica que non se cumpren todos os requisitos esixidos pola lei e que poderá ser recorrida ante a xurisdición contencioso-administrativa.



O/a paciente ten dereito a recibir ampla información sobre o procedemento a seguir para reclamar ante a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia de Galicia e ante os órganos xudiciais.

7. Que procedemento debe seguir o/a médico/a responsable, unha vez recibida a primeira solicitude de prestación de axuda para morrer e verificado que cumpre cos requisitos previstos na LORE?

Paso 1: O/a médico/a responsable iniciará con vostede un proceso deliberativo.

O/a médico/medica responsable, tras comprobar que cumpre os requisitos establecidos, iniciará un proceso deliberativo sobre o seu DIAGNÓSTICO, POSIBILIDADES TERAPÉUTICAS E RESULTADOS ESPERABLES, así como sobre POSIBLES COIDADOS PALIATIVOS e sobre as PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA ás que tivera dereito.

O/a médico/a responsable debe asegurarse de que vostede COMPRENDE TODA A INFORMACIÓN QUE LLE FACILITA e abordará as cuestións que considere oportunas para discernir se vostede actúa de forma voluntaria, sen presións externas de ningunha índole e con coñecemento de causa sobre a prestación que solicita.

Vostede ten dereito a recibir toda a información por escrito.

Paso 2: Reiniciará o proceso deliberativo.

Tras recibir a súa segunda solicitude, o/a médico/medica responsable reiniciará con vostede o proceso deliberativo ao obxecto de atender calquera dúbida ou necesidade de ampliación de información que lle poida expoñer.

Paso 3: Finalizará o proceso deliberativo e solicitaralle a súa decisión de continuar co proceso ou de desistir da solicitude, asinando o documento de consentimento informado, se decide continuar.

No caso de que vostede manifieste o seu desexo de proseguir co procedemento, o/a médico/a responsable comunicarao ao equipo asistencial, especialmente aos profesionais de enfermaría e farmacia, así como, se vostede o indica, aos seus familiares ou achegados.

Paso 4: Consultará co/a médico/a consultor/a.

Tras a finalización do proceso deliberativo, o/a médico/a responsable deberá consultar a outro/a facultativo/a, denominado médico/a consultor/a, quen estudará a súa historia clínica e o examinará, para corroborar o cumprimento das condicións legalmente establecidas.

Se o seu informe fose desfavorable, vostede poderá presentar unha reclamación ante a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia, no **prazo máximo de 15 días naturais**.



Paso 5: Posta en coñecemento, por parte do/a médico/medica responsable, ao presidente/a da Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia de Galicia.

O/a médico/a responsable, antes da realización da prestación de axuda para morrer, poñerá en coñecemento do/a **presidente/a da Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia de Galicia**, para que se efectúe o control previo da súa solicitude por parte da devandita Comisión.

Paso 6: Verificación por parte da Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Un/unha médico/a e un/unha xurista desa Comisión, designados polo seu presidente/a verificarán que se cumpren os requisitos e condicións legalmente establecidos, mediante o acceso a súa historia clínica e entrevista con vostede, co/a médico/a responsable e co/a médico/a consultor/a, que poderán ser telefónicas ou presenciais. Cando a entrevista con vostede sexa presencial, garantirase a máxima discreción e o pleno respecto da súa intimidade persoal e familiar.

Como resultado da verificación dos requisitos e condicións, o/a médico e o/a xurista, emitirán un informe, que pode ser:

- Favorable
- Desfavorable

A resolución definitiva poñerá en coñecemento do/a presidente/a da Comisión, quen a trasladará ao/á médico/medica responsable, para proceder, de ser o caso, a realización da prestación de axuda para morrer.

A resolución favorable da Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia supón o pleno recoñecemento do seu dereito á prestación de axuda para morrer.

Se a resolución do equipo de médico/a e xurista designado para realizar a verificación previa á PAM **é desfavorable**, vostede poderá presentar unha reclamación, no **prazo de 15 días naturais**, fronte á Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia, podendo utilizar o modelo que figura como Anexo XV. Reclamación contra a denegación da prestación de axuda para morrer, dispoñible na web do Sergas.

Paso 7: Onde se realizará a prestación de axuda para morrer?

Poderase realizar en centros sanitarios públicos, privados e tamén no seu domicilio. No lugar no que se realice a prestación de axuda para morrer terá asegurado o pleno apoio institucional para garantir a calidade sanitaria da prestación. O exercicio polos/as profesionais sanitarios do seu lexítimo dereito á obxección de conciencia non suporá a afectación da garantía do seu dereito.



Vostede ten dereito a estar acompañado polos seus familiares e achegados. Este dereito debe ser compatible cos actos sanitarios vinculados á realización da prestación para morrer nas dúas modalidades. Se vostede elixe o seu fogar como lugar de realización da prestación de axuda para morrer, garantírase a máxima discreción e respecto á súa intimidade persoal e familiar. En todo momento, contarán co apoio e asistencia do equipo asistencial.

8. Como se realizará a prestación de axuda para morrer?

Os/as profesionais sanitarios/as realizarán a prestación de axuda para morrer co máximo coidado e profesionalidade aplicando os protocolos correspondentes, e efectuarase da seguinte maneira, segundo a modalidade que vostede lle comunicase ao seu médico/medica responsable:

- 8.1. Se elixe a modalidade de administración polo/a profesional sanitario/a, este administrarlle os fármacos por vía intravenosa. O/a médico/medica responsable e o resto de profesionais asistiranlle e acompañarano ata o momento da súa morte.
- 8.2. Na modalidade de autoadministración, será vostede quen tome os medicamentos por vía oral. O equipo sanitario informarlle de todo este proceso de autoadministración, estarán en constante observación e daránlle todo o apoio ata o momento da súa morte.

9. Podo ser doante de órganos tras a prestación de axuda para morrer?

Sí, se é o seu desexo e tras o seu falecemento, vostede poderá doar os seus órganos, se non presenta contraindicacións. Para isto, coméntello ao/á seu médico/a responsable, quen o poñerá en contacto coa persoa responsable de doazón de transplantes do centro hospitalario de referencia.

Cabe resaltar que ambos procesos son totalmente independentes. Así, o persoal de transplantes nunca participará no proceso de prestación de axuda para morrer, nin os profesionais que interveñan no proceso da prestación de axuda para morrer participarán nunca nas discusións sobre doazón.

O paciente poderá cambiar de opinión sobre a súa vontade inicial de doar, en calquera momento do proceso e sen prexuízo de recibir a prestación de axuda para morrer.

10. Existen garantías do meu dereito á intimidade e a confidencialidade dos meus datos durante todo o procedemento do dereito á prestación de axuda para morrer?

Sí, todos os profesionais sanitarios, os equipo directivos e os integrantes da Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia de Galicia están obrigados a gardar sxiilo e reserva profesional. Os seus datos persoais quedarán debidamente protexidos de acordo coa normativa vixente. O seu dereito á intimidade quedará plenamente salvagardado.



11. Podo APRAZAR A PRESTACIÓN DA AXUDA PARA MORRER?

Sí. Vostede ten o dereito a solicitar o aprazamento da administración da prestación, unha vez que a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia de Galicia se pronuncie favorablemente (existe un modelo elaborado para este fin, anexo VIII, dispoñible na web do Sergas); non obstante, sería adecuado que a prestación se realice no prazo de 2 meses a data da resolución da comisión.

Non obstante e con carácter excepcional, se vostede desexa alongar este prazo, deberá presentar a solicitude de aprazamento ante a CGAE (pam@sergas.gal) indicando as causas que o motivan e a nova data que solicita para recibir a prestación.

12. Podo REVOGAR as miñas DECISIONS?

Sí, vostede ten DEREITO a:

- Desistir da súa solicitude ao finalizar o proceso deliberativo co/a médico/a responsable.
- A renunciar ao seu dereito unha vez que a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia recoñeza a prestación de axuda para morrer.
- Desistir, renunciar, aprazar e rexeitar de maneira escrita, verbal ou mediante calquera outro procedemento que garanta a súa vontade.

Isto debe comunicalo ao/á médico/a responsable ou a calquera outro membro do equipo asistencial. Neste último suposto, o devandito equipo poñerá en coñecemento, de maneira urxente, do/a médico/a responsable.

Estas expresións da súa vontade (desistir, rexeitar, aprazar e renunciar) deberán ser respectadas de maneira plena, sen que o/a médico/a responsable e o equipo asistencial poidan establecer un proceso deliberativo ou outro de análoga natureza para facerlle cambiar de parecer. Unha vez manifestados, estes dereitos xurden pleno efecto. Os profesionais sanitarios anotarán na historia clínica todas estas circunstancias.

-----, ---- de ----- de 20__

Firma do/a paciente	Firma do/a profesional sanitario/a
---------------------	------------------------------------

Entregar ao/á paciente